



RADIO FALADOIRO

VII CONCURSO DE
Podcasts
RADIO NA BIBLIO

Faladoiro sobre as cantareiras
homenaxeadas nas Letras Galegas



CONCURSO
DE PODCASTS
RADIO NA BIBLIO

CONTIDO DO PODCAST (GUIÓN DO PROGRAMA)

SABICHÓN 2P2 E O MISTERIOSO MUNDO DAS CANTAREIRAS

Cantareiras en directo para Sabichónides

Faladoiro sobre as cantareiras homenaxeadas nas Letras Galegas

Sintonía Radio Faladoiro

Locutora 1: Bo día a todas e todos, escoitades Radio Faladoiro, a emisora xanela de Cela, desde onde vixiamos toda a Ría e parte do estranxeiro. Hoxe temos un convidado moi especial, un robot extraterrestre explorador, chamado Sabichón 2P2, que di que vén do planeta Sabichónides.

Sabichón 2P2: Derrapei no cinto de asteroides, pasando Xúpiter, e acabei esparrado neste tugurio, flipando coas vistas. Que estades a facer?

Locutora 2: Estamos buscando información sobre as cantareiras ou pandeireteiras.

Sabichón 2P2: E iso que ser... catarreiras.

Locutora 2: Catarreira é a que tes ti nese caldeiro que tes por cabeza... Can-ta-rei-ras. De contar, cantar e tocar a pandeireta... ou a falta dela, calquera outro trebello que topaban na cociña: un prato, un sacho, unha lata... que por falta de instrumentos non se aquelaba a festa.

Sabichón 2P2: Non te metas coa miña cabeza que é unha gran base de datos... Estou anotando todo para invadirvos no futuro (ha ha ha)... E canto levades facendo eses cantos?

Locutora 1: Pois si que tedes retranca en Sabicholandia, aínda nos imos levar ben e todo! En Galicia fomos sempre de cantar e bailar, xa no pergameo Vindel aparecen a poesía e a música da man, Martín Codax é un deses autores medievais.

Música de Martin Codax

Sabichón 2P2: Isto vaime moi ben para engadir á miña memoria RAM.

Locutora 2: Pois mándalle tamén á memoria esa que Rosalía de Castro, a *trackin máster* do universo poético, influenciada por esa poesía popular, escribe *Cantares Gallegos*. “Adios ríos, adios fontes, adios Sabichón pequeno, non sei cando nos veremos...”.

Música de Amancio Prada

Locutora 2: Pero durante a Guerra Civil, que foi unha verdadeira indecencia galáctica, emigraron moitos mozos e mozas e rompeuse a cadea de transmisión do patrimonio.

Locutora 1: Os seráns, as foliadas, as ruadas... foron esmorecendo ate case desaparecer, igual que a música das pandeireteiras.

Sabichón 2P2: Polos parafusos da miña CPU! Como é que ninguén apuntou todo iso.

Locutora 2: Non te alporices, catro latas! Que no medio de tanto parvo, sempre hai alguén máis espelido.

Locutor 3: O padre Sarmiento, Alan Lomax ou Dorothé Schubarth axudaron a poñer en valor tesouros que eran invisibles para os de aquí, apuntando polos pobos as cantigas que as mulleres máis vellas aínda lembraban, que non eran poucas.

Sabichón 2P2: Conta máis, que me vibran os circuítos!

Locutora 1: En 1963, as pandereteiras de Buxán, do concello de Rois, subiron por primeira vez a un escenario e cobraron pola actuación.

Locutora 2: Nos anos 70, as pandeiretas de Mens, en Malpica, daban concertos por Europa e América, e máis tarde fixeron unha xira con Milladoiro.

Locutor 3: Nos 80, grupos como Leilía, Xirandela ou Faltriqueira espalláronse como a choiva por toda Galicia. E nos 90, a TVG impulsou o fenómeno.

Sabichón 2P2: Ei, ei. Que vos estades vindo moi arriba.

Locutora 1: Que dis, lavadora con rodas! A cousa non acaba aí. No século XXI saímos á estratosfera facendo fusión con novas músicas, como Tanxugueiras, proxectando a música galega para o mundo. A tradición vólvese vangarda.

Música Tanxugueiras

Locutora 2: Sabichón, e sabías que, por fin, as Letras Galegas están dedicadas ás cantareiras? Adolfinia e Rosa Casás de Rama, Eva Castiñeira Santos...

Locutor 3: E non esquezas ás de Mens! Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda e Manuela Lema Villar. Escoita, escoita!

Música homenaxeadas Letras Galegas

Sabichón 2P2: Os meus paisanos de Sabichónides van flipar en cores. Eu creo que invadiremos primeiro no Morrazo.

Locutora 1: Mira, Salchichón 2P2, invadir o Morraso é moi complicado. É mellor que empecedes por outro lado, non vaia ser que sexan comestibles os teus paisanos.

Locutora 2: Nós aquí, cun pouco de aseite, sal e pemento facemos marabillas.

Locutor 3: E se non que llo dighan ao polbo, que segundo os científicos vai ser o próximo animal chamado a colonizar a Terra. E non lle valeu de nada.

Sabichón 2P2: Que simpáticos sodes. Na miña próxima viaxe espacial aterrarei aquí para volver falar co equipo da radio Faladoiro.

Locutora 1: Lembrade que as nosas raíces son a forza que nos une. Ata o próximo programa, e que a música galega non pare de soar!

Música homenaxeadaas Letras Galegas e funde con sintonía Radio Faladoiro

DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA DE CREACIÓN

A creación do noso podcast *Sabichón 2P2 e o misterioso mundo das cantareiras* foi unha experiencia estimulante e valiosa, na que o alumnado produce e grava un **faladoiro en clave de humor**, cunha **sólida base cultural** e divulgativa. O proxecto pon en valor a figura das **cantareiras**, protagonistas das Letras Galegas, e conéctaaas co **contexto histórico e musical de Galicia**, desde unha perspectiva innovadora e interdisciplinaria.

A orixinalidade do formato vén dada pola inclusión do personaxe ficticio Sabichón 2P2, un robot extraterrestre que, a través da súa descuberta inesperada coa cultura galega, permite abordar a **importancia das cantigas populares** de forma dinámica. Ademais, a estrutura do faladoiro permitiu unha aproximación didáctica e entretida ao tema, combinando dramatización, información histórica e musical e intertextualidade con referencias contemporáneas.

Desde unha **perspectiva curricular**, o proxecto favoreceu a integración de competencias clave, como a competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital e a competencia social e cívica. O traballo incluíu a investigación de fontes sobre a música tradicional galega e as figuras homenaxeadas, a redacción

do guión, a locución e a montaxe sonora, permitindo ao alumnado desenvolver habilidades en comprensión, expresión oral e escrita, ademais de fomentar o pensamento crítico e a creatividade.

O proxecto tivo unha contribución fundamental á **competencia informacional e mediática** do alumnado, xa que traballamos co tratamento da información de xeito rigoroso e fomentamos a selección de contidos relevantes. Ademais, empregamos ferramentas dixitais para a gravación e edición do podcast.

A **participación activa de toda a comunidade** educativa é clave no traballo. O **alumnado** asumiu diferentes roles na investigación, redacción e interpretación do guión, mentres que as **titoras** orientaron e coordinaron o proceso. O **mestre de Música** colaborou na selección de pezas musicais para enriquecer o ambiente sonoro do podcast e desenvolveu un obradoiro de interpretación de cantigas tradicionais. Desde o **Contexto Lingüístico** -a metodoloxía de traballo por ambientes de aprendizaxes desde a que se traballa unha parte das linguas, en primaria, no centro- elaboráronse diferentes actividades complementarias: recreación de escenas de foliadas e seráns, análise dos elementos culturais presentes nas letras das cancións e investigación sobre as cantareiras homenaxeadas. Tamén contamos co apoio da **biblioteca escolar**, que proporcionou recursos documentais e espazo para a procura da información, favorecendo un entorno de aprendizaxe cooperativo. Finalmente, compartíuse o traballo coas **familias** do centro para facelas partícipes do traballo realizado.

O **aproveitamento dos recursos da biblioteca** foi fundamental para a documentación do proxecto, xa que investigamos sobre as cantareiras e pandeireteiras a través de libros, artigos e arquivos sonoros. Ademais, a biblioteca serviu como punto de encontro para a organización e desenvolvemento das distintas fases de creación do programa.

Finalmente, a integración do proxecto con **outros equipos e programas** do centro foi esencial para a súa realización. O podcast vinculouse ao programa de **Radio escolar**, potenciando as habilidades comunicativas do alumnado e a expresión oral en galego nun formato atractivo e accesible. O **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** propuxo unha actividade plástica e creativa, a elaboración dun mural sobre

a figura das mulleres homenaxeadas. Ademais, o **equipo TIC** asesorou a alumnado e profesorado para a gravación e edición do programa co equipamento do centro.

En definitiva, *Sabichón 2P2 e o misterioso mundo das cantareiras* constituíu unha **experiencia educativa motivadora, creativa e interdisciplinaria**, que nos permitiu reivindicar a tradición musical galega a través dunha proposta innovadora e de conectada coa actualidade.



Investigando sobre as cantareiras na biblioteca do centro



Gravando o podcast desde Radio Faladoiro, a emisora xanela de Cela